

Solidariedade alimentaria

En liña co noso obxectivo de sensibilizar os consumidores e consumidoras sobre a urxencia de paliar os problemas na cobertura de necesidades básicas na nosa contorna, organizamos campañas que permitiron a implicación da nosa clientela en accións de solidariedade alimentaria.

Campañas solidarias con implicación das persoas consumidoras

En 2019 cumprimos 23 anos de colaboración coa Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL), á que doamos os alimentos recollidos en dúas grandes campañas solidarias organizadas anualmente nas nosas tendas: a "Operación quilo", en xuño, e a "Gran recollida de alimentos", en novembro. Estes alimentos destínanse a aquelas persoas de cada comunidade afectadas por dificultades económicas e en risco de exclusión social. Este ano demos continuidade ás dúas modalidades existentes: a entrega física tradicional de produtos e a recollida vía vales, o que favorece que os bancos de alimentos poidan recibir os produtos que eles consideren máis necesarios en cada momento. Tamén se volveu realizar a campaña "Zampakilos solidario" en VEGALSA-EROSKI.

Doáronse **1.457 toneladas** de produtos en 2019 grazas a estas accións.

Ademais, CAPRABO e Cruz Vermella colaboraron, por sexto ano consecutivo, na campaña de axuda á alimentación infantil "Ningún neno sen comida!", unha iniciativa solidaria que recolle fondos para pagar bolsas de alimentación a nenos en risco de exclusión social. En 2019 conseguíronse 76 bolsas de alimentación.

En 1996, realizamos a primeira "Operación quilo" en favor do Banco de Alimentos.



Cartón solidario

En EROSKI poñemos á disposición das entidades sociais e administracións públicas o noso cartón solidario, unha ferramenta para facilitarles a súa finalidade de atender as necesidades básicas de alimentación e hixiene de persoas en risco de exclusión social. É un cartón persoal que se entrega a cada individuo, cun importe cargado de inicio, e a posibilidade de realizar de forma automática recargas de saldo periódicas personalizadas, segundo as indicacións da entidade. A súa aparencia, similar aos cartóns regalo ou de fidelización de EROSKI, permite normalizar o acceso ás necesidades básicas dunha forma integradora e non meramente asistencial.

En 2019, co cartón solidario, fixemos posible que máis de 20 entidades sociais canalizasen axudas a máis de 1.000 beneficiarios en diferentes provincias.

Programa "Desperdicio cero"

En EROSKI seguimos na nosa loita contra o desperdicio alimentario articulando un protocolo de actuación que garante a seguridade alimentaria nas doazóns de todos os produtos frescos e de alimentación que, estando en perfectas condicións de consumo, retiramos dos nosos lineais para cumprir co noso compromiso cos clientes de frescura máxima e aspecto do envase. Asegurámonos de que os produtos doados manteñan a súa cadea de frío tamén na entidade receptora da doazón, proporcionando as mesmas garantías no seu transporte e instalacións ata que o alimento é consumido.

O criterio de asignación e a entrega final destes produtos ao destinatario realízase a través de máis dun centenar de entidades sociais de todo o territorio nacional, coas que asinamos convenios de colaboración.

O programa pretende tamén promover o consumo responsable, polo que desenvolvemos, en paralelo ás doazóns de alimentos, diversas campañas de concienciación ao consumidor para informar e formar. Para iso, EROSKI pon á súa disposición, a través de CONSUMER EROSKI, coñecementos, recursos e ferramentas prácticas para racionalizar a súa compra, aproveitala ao máximo e minimizar o desperdicio alimenticio no fogar, cos conseguintes aforros que iso comporta á sociedade e á economía das familias.

Para desenvolver o programa "Desperdicio cero", EROSKI colabora con numerosas organizacións sociais, como Banco de Alimentos, Cáritas, etc. Durante este 2019, EROSKI doou máis de **6.748 toneladas de alimentos** destinados aos colectivos máis desfavorecidos. A cifra equiva-

le a **8.788 dietas persoais anuais doadas**. Ademais, en 2019 volvemos participar na Semana contra o Desperdicio de Alimentos de AECOC, na que compartimos boas prácticas cos consumidores e consumidoras.

EROSKI, S. Coop. foi recoñecida co **Premio Espiga de Ouro**, o máximo galardón que outorga a Federación Española de Bancos de Alimentos a aquelas organizacións que destacan pola súa colaboración na redistribución solidaria dos excedentes alimentarios.

+6.478 toneladas
de alimentos doadas
a través do programa
desperdicio cero



8.788 dietas
persoais anuais
doadas

